

**MANUEL REQUEIJO ARNEJO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MURAS (LUGO)**

Rematado o prazo de presentación de solicitudes para participar na convocatoria para a contratación en réxime laboral temporal por obra ou servizo determinado, de un peón conductor con cargo ao Plan Fomento de Emprego do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, de acordo co establecido nas bases da convocatoria, de conformidade coas atribucións establecidas no artigo 21.1 da Lei 7/1985, en relación co artigo 61.1 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Aproba-la lista de aspirantes admitidos que a seguir se relacionan:

Admitidos:

Nome e apelidos	D.N.I
Ignacio Vilar Gato	3559****J
Generoso Pernas Pardo	3330****R
Julio Cesar Rodríguez Piñón	4407****Y

**SEGUNDO.-** Publicar a relación definitiva de admitidos no Taboleiro de Anuncios do Concello. Así mesmo estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [www.muras.gal](http://www.muras.gal)

**TERCEIRO.-** Facer público a composición do Tribunal cualificador que xulgará o proceso selectivo e estará composto polas seguintes persoas:

Presidente: D<sup>a</sup>. Silvia Lamelas Soto, Secretaria-Interventora Administración Local.  
Secretario: D. Jose Orosa González, funcionario Administración Local.  
Vogais: D. David Pena Montero, persoal laboral Administración Local.  
D<sup>a</sup> María Lorena Burque Antelo, persoal laboral Administración local  
D<sup>a</sup> Alejandra Pardo Vázquez, Secretaria do Concello de Cariño

**CUARTO.-** Facer pública a presente resolución no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na súa páxina web. Os aspirantes poderán solicitar a recusación dos membros do tribunal, coas causas e procedementos previstos nos artigos 23 e 24 da lei 40/2015, de 1 de outubro de do Réximen Xurídico do Sector Público.

**QUINTO.-** Convocar aos membros do Tribunal cualificador para o próximo día 19 de xaneiro de 2021 as 10:30 horas, co obxecto de constitución de dito Tribunal e avaliación de méritos da fase de concurso, e sinalar como data para realización das probas da fase da selección o día 19 de xaneiro de 2021 as 11:00 horas no local denominado Casa do Medico do Concello de Muras, para o cal quedan citados tódolos aspirantes admitidos.



**SEXTO.-** Todos os aspirantes deberán levar mascarilla obrigatoria correctamente posta. No interior da aula, unha vez sentados todos os aspirantes e garantida unha separación corporal de al menos 1,5 metros, os aspirantes NON poderán retirar a súa mascarilla. Na sala na que se realicen exames se disporá un dispensador de xel hidro – alcohólico para o seu uso ao acceder a aula. Durante a celebración do exame os aspirantes seguirán as instrucións dos membros do tribunal. Durante a celebración do exame **NON SE PERMITIRÁ** o intercambio de material entre os aspirantes: bolígrafos, lápices, gomas.... Cada aspirante utilizará o material co que acudirá a realizar as probas. Igualmente OS MEMBROS DO TRIBUNAL NON FACILITARÁN NINGÚN MATERIAL AOS ASPIRANTES, agás as follas do examen. **A QUEN NO ACUDA PROVISTO DE BOLIGRAFO NON SE LLE FACILITARÁ NINGÚN E NON PODERÁ REALIZAR O EXAMEN.**

**SÉTIMO.-** Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais.

En Muras, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Manuel Requeijo Arnejo, do que eu, D<sup>a</sup> Silvia Lamelas Soto, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos do artigo 3 do RD 128/2018 de 16 de marzo)

